



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D
Expte. Núm. 2021/E001/000014

Ref.: IVCR

DECRETO DA CONCELEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1) Mediante Decreto 1878/2021, do 29 de outubro, resolveuse declarar deserto o proceso de selección do/a mestre/ da especialidade “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio–SSCS0108” do obradoiro dual de emprego Eume III por non existir persoas candidatas que reúnan os requisitos esixidos para a impartición do certificado de profesionalidade na dita especialidade.
- 2) A través do Decreto 1955/2021, do 11 de novembro, convocouse un novo proceso selectivo para a contratación laboral temporal do persoal docente da especialidade de “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio–SSCS0108” do obradoiro dual de emprego “EUME III” ao abeiro das bases reguladoras do proceso selectivo, aprobadas por Decreto núm. 1648/2021, do 4 de outubro.
- 3) O anuncio da convocatoria foi publicado no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 217, do 15/11/2021.
- 4) O prazo de presentación de solicitudes iniciouse o 16/11/2021 e rematou o 18/11/2021.
- 5) A través do Decreto núm. 2026/2021, do 22 de novembro, resolveuse iniciar a selección do do/a mestre/a da especialidade “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio–SSCS0108” e fixouse o lugar, día e hora de constitución do tribunal, designado mediante Resolución núm. 1706/2021, do 11 de outubro.
- 6) O tribunal, logo de celebrar sesión o día 23/11/2021, elaborou a listaxe provisional de persoas admitidas, de conformidade coas bases da convocatoria. A dita listaxe aprobouse mediante Decreto núm. 2054/2021, do 24 de novembro e publicouse no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na súa páxina web, así como nas webs e taboleiros dos concellos das Somozas e da Capela.
- 7) No prazo conferido para o efecto, dúas das persoas aspirantes excluídas provisionalmente (María Pilar Varela Riola e Isabel Viñas Vals) presentaron reclamacións, que foron desestimadas motivadamente polo tribunal.

FUNDAMENTOS LEGAIS

Consonte a base núm. 6 das que rexen a convocatoria, o órgano de selección elaborará a listaxe provisional de persoas admitidas ao proceso selectivo, con indicación, de ser o caso, das causas de exclusión ao proceso. A dita listaxe será aprobada por resolución da concelleira-delegada e publicarase no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na súa páxina web, así como nas webs e taboleiros dos concellos das Somozas e da Capela e será determinante para os efectos de posibles reclamacións.

As persoas aspirantes excluídas dispoñen dun prazo dun (1) día hábil, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes,



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D
Expte. Núm. 2021/E001/000014

Ref.: IVCR

para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos. A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, agás que así o acorde a Concellaría delegada. Posteriormente, a concelleira- delegada declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na súa páxina web, así como nas webs e taboleiros dos concellos das Somozas e da Capela.

A Alcaldía é, en principio, o órgano competente para ditar a presente resolución en virtude da atribución conferida ao alcalde polo artigo 21.1, letras g) e h) da LRBRL. Porén, tal competencia foi atribuída á concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego mediante o Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

- 1) Aprobar a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo do persoal docente da especialidade “Atención sociosanitaria a persoas no domicilio– SSCS0108” para o obradoiro dual de emprego “EUME III”, de acordo coa listaxe elaborada polo tribunal de selección, de data 23/11/2021, que é a seguinte:

a) Persoas aspirantes admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4
Vázquez Méndez, Inmaculada	***5598**	SÍ

b) Persoas aspirantes **excluídas**:

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO
Cabaleiro García, Ana M ^a	***7455**	-Non acredita un ano de experiencia profesional no ámbito da unidade de competencia correspondente
Lamela Riola, M ^a Pilar	***7362**	-Non acredita un ano de experiencia profesional no ámbito da unidade de competencia correspondente
Rodríguez López, Lidia	***2211**	-Non acredita un ano de experiencia profesional no ámbito da unidade de competencia correspondente
Viñas Vals, Isabel	***9485**	-Non acredita un ano de experiencia profesional no ámbito da unidade de competencia correspondente



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D
Expte. Núm. 2021/E001/000014

Ref.: IVCR

- 2) Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), a súa páxina web e nas webs e taboleiros dos Concellos das Somozas e da Capela.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños